

Confinadas co seu maltratador

Temor. A primeira gran pandemia do século XXI despregou un sentimento de inseguridade e medo na sociedade. Nin a condición humana nin a súa fragilidade mutaron de súpeto, porén, aínda que invisible, o coronavirus ou COVID-19 fixo tomar conciencia do que é vivir baixo ameaza vital.

Así viven moitas mulleres, en Galicia e en todo o mundo. O seu día a día transcorre baixo a sombra doutra enfermidade, a do machismo. Esta crise para elas é un dobre lastre cando non directamente unha auténtica soga. Elas tamén sofren estes días de precaucións, incerteza, encerro... pero non coma todos, non; elas son o branco no que as súas parellas envorcan da peor maneira os seus enfados, frustracións, angustias e calquera outro malestar. E as casas nas que todos ficamos para protexernos do coronavirus e axudar a conter a súa expansión, son para elas calexóns sen saída nos que nin mascarillas nin outras proteccións serven de nada.

O 31 de marzo o Goberno do Estado sacou o Real Decreto-lei 12/2020 de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas da violencia de xénero para garantir os servizos de asistencia e protección. Pero os esforzos topan cos muros das casas nos que as vítimas restan confinadas. Difícil pedir auxilio ao 016 co brazo do teu maltratador no mesmo sofá... Estratexias como a alerta nas farmacias para que as mulleres poidan lanzar un S.O.S. pedindo "mascarillas 19" tentan romper o hermetismo, pero non podemos enganarnos; ao machismo hai que tratalo como ao coronavirus: require a concienciación e unión de toda a sociedade para illalo e batelo ata erradicalo. E para iso a sociedade ten

que ter clara esta verdade: que homes e mulleres somos iguais.

Apenas hai un mes que estabamos a clamar por iso nas rúas. No 8M celébranse os logros sociais, económicos, culturais e políticos acadados polas mulleres, pero tamén é un recordatorio do que queda por facer e un chamamento á participación para acelerar a chegada real da igualdade total. Un chamamento tamén aos concellos... Porque o cambio é imparabile e estase a producir, pero inda que real, é lento. E nese proceso as entidades locais temos a responsabilidade e o poder de axudar a que a sociedade percorra máis rápido o camiño á igualdade.

Os teitos de cristal existen, as diferencias laborais e salariais son feitos, e a muller está ausente de moitos foros porque non se procura –cando non se evita– a súa presenza sendo desprazada unha e outra



vez cando a sociedade o que necesita é escoitar o seu parecer. É dicir, estase a discriminar e acalar á metade da poboación. A promoción da igualdade entre homes e mulleres non é só cuestión de xustiza: é enriquecer á sociedade. E nesta misión de dar á muller o seu espazo nas mesmas condicións que o home, os gobernos locais temos un papel particularmente decisivo por ser os máis próximos á cidadanía. É fundamental que traballemos a educación e a concienciación á cidadanía legislando con perspectiva de xénero.

O apoio da Fegamp á igualdade é incondicional e constante, e como xa fixeramos coa campaña #PoloBoTrato, facemos un chamamento a todas as institucións locais para traballar co obxectivo de promover a igualdade real entre homes e mulleres, comprometéndose co decálogo de boas prácticas:

- 1 Empregar linguaxe libre de connotacións sexistas.
- 2 Integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións.
- 3 Difundir unha imaxe non sexista da muller.
- 4 Traballar entre a poboación máis nova a prevención da violencia machista e os valores de igualdade e respecto.
- 5 Fomentar a corresponsabilidade nas tarefas e a ética, no coidado tanto de menores como de persoas dependentes.
- 6 Identificar e emendar as deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres.
- 7 Respectar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal.
- 8 Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en tribunais, xurados, comités e comisións.
- 9 Rexeitar a contratación de actividades nas que se promovan unha imaxe sexista da muller.
- 10 Prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade.